



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 20 DE XANEIRO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:40 horas do día 20 de xaneiro de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 19-01-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

D. Pablo Olmos Pita.
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
Dna. María Dolores Vieites Alén.

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.- Propostas de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo. (expediente 15696-444).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de



ANTECEDENTES

Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, **11 de decembro de 2015**, adoptou o seguinte acordo:

"Adxudicar a FACTOR ENERGÍA, S.A., o procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo. (expediente 15696-444), por un prezo de 4.200.008,95 euros, e unha baixa única do 12,5% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados na taboa 2 do apartado 3.F dos pregos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

Segundo : A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 08 **de xaneiro de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

"1º.- Aceptar a renuncia a formalización do contrato de subministración o procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo (expediente 15696-444), manifestada en escrito de data 7 de xaneiro de 2014 por D. Emilio Rousaud Parés, en nome e representación de FACTOR ENERGIA, S.A., empresa adxudicataria do citado contrato por resolución da Xunta de Goberno Local de data 11 de decembro de 2015.

2º.- Devolver a FACTOR ENERGIA, S.A., 1.469,42 euros aboados en concepto de custe dos anuncios de licitación.

3º.- Unha vez adoptado este acordo, procederase de oficio a cancelación do aval constituído por Bankia a favor de FACTOR ENERGIA, S.A., por importe de 173.544, 09 euros depositado na Tesourería municipal en concepto de garantía definitiva para responder da execución do citado contrato.

4º.- O servizo de contratación deberá requirir a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP ó seguinte licitador clasificado no procedemento de referencia."

Terceiro.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en segundo lugar, GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A ., o día 08 de xaneiro de 2016, que presenta a documentación requirida en data 19 de xaneiro, dentro do prazo sinalado.

Cuarta.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 20 de xaneiro de 2016 e visto o informe do Enxeñeiro Industrial da Area de Fomento sobre a acreditación por parte de Gas Natural Comercializadora, S.A., do cumprimento do requerido na cláusula 6 apartado D das FEC do PCAP sobre a habilitación profesional se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer a Xunta de Goberno a adxudicación do contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:16	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD47-E3CB4A-A4BB46-WWPX8E-BQ2JZA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

CONTRATACIÓN

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A o procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo. (expediente 15696-444), por un prezo de 4.200.008,95 euros, e unha baixa única do 8,8 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados na taboa 2 do apartado 3.F dos pregos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos complementarios á xestión do padrón de IVTM, padrón de lixo comercial e vados(EUI). (expediente 2177-500)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:16	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD47-E3CB4A-A4BB46-WWPX8E-BQ2JZA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos complementarios á xestión do padrón de IVTM, padrón de lixo comercial e vados(EUI).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local celebrada o 08 de xaneiro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: .- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "para a contratación dos servizos complementarios á xestión do padrón de IVTM, padrón de lixo comercial e vados(EUI). (expediente 2177-500)" no seguinte orde decrecente:

	Puntos criterios xuízo valor	Puntos criterios formula	Total
Unión de Profesionales, S.L:	27	70	97
Laya Gestión y Servicios, S.L.	19	10	29
Servicios de Colaboración Integral, S.L:	16.5	3	19.5

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **Unión de Profesionales, S.L.** para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:16	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD47-E3CB4A-A4BB46-WWPX8E-BQ2JZA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

CONTRATACIÓN

cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 665 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, *Unión de Profesionales, S.L.*, o día 08 de xaneiro de 2016, que presenta a documentación requirida en data 19 de xaneiro, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 20 de xaneiro de 2016 esta é conforme polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ó órgano de contratación a adjudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *Unión de Profesionales, S.L.*,

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a Unión de Profesionales, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos complementarios á xestión do padrón de IVTM, padrón de lixo comercial e vados(EUI). (expediente 2177-500)", por un prezo de 60.000 euros, e unha baixa única do 5%a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no apartado 3.F das FEC. Comprometéndose a cumplimentar 400 formularios de autoliquidación na sede electrónica do concello e a realización de 100 medicións de locais ou establecementos visitados segundo a modalidade 3 do servizo descrita na cláusula I do PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 10:05 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:16	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD47-E3CB4A-A4BB46-WWPX8E-BQ2JZA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		